



**MODELO DE MOCIÓN
MUNICIPAL URGENTE
CONTRA O PROXECTO DE LEI
XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS**



AO PLENO DO CONCELLO DE

Don/Dona _____, Concelleiro-a / Voceiro-a do Grupo Municipal de _____, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete á consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e súa aprobación a seguinte **MOCIÓN contra o proxecto Lei Xeral de Telecomunicacións**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos derradeiros 15 anos deuse un **aumento exponencial** dunha nova contaminación ambiental, proveniente dos **campos electromagnéticos artificiais** de alta frecuencia, que se constata facilmente na expansión das radiofrecuencias pola implantación das **redes de telefonía móbil** e unha interminable lista de dispositivos da tecnoloxía sen fíos.

Especialmente relevante é o **impacto local provocado polas antenas base de telefonía móbil**, visible na preocupación cidadá reflectida no “Eurobarómetro Especial sobre campos electromagnéticos” do 2010, nas numerosas denuncias de conglomerados de cancro na contorna das antenas e nas innumerables mobilizacións e peticións veciñais manifestadas a nivel municipal en todo o territorio galego e do resto do estado.

Esta preocupación cidadá vai en consonancia coas **numerosas chamadas desde diferentes ámbitos (científicos, institucións europeas e internacionais, xurídicos)**, que instan ás administracións públicas a aplicar o **principio de precaución** (recollido na Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeneral de Saúde Pública), ante estes contaminantes ambientais alertándonos do seu risco potencial para a saúde das persoas, especialmente na infancia, a mocidade, as mulleres xestantes e outros grupos sensíbeis.

Entre as Recomendacións e alertas desde o campo científico, desde os sectores en clara ausencia de conflito de intereses, destaca a revisión bibliográfica de máis 3.800 estudos científicos e traballos sobre a exposición a Campos Electromagnéticos (CEM) do **panel internacional de científicos do Grupo BioInitiative** (2007/2012), que constatan (do mesmo xeito que na Monografía da *International Commission for Electromagnetic Safety* -ICEMS- do 2010 sobre os efectos non térmicos dos campos electromagnéticos), que os niveis existentes de seguridade pública son inadecuados para protexer a saúde pública e documentan as evidencias científicas actuais sobre a relación causal dos campos electromagnéticos abordando evidencias sobre os efectos biolóxicos e efectos adversos á saúde nos xenes e no ADN (xenotoxicidade), nas proteínas do estrés, na melatonina e o sistema inmunolóxico, na fertilidade e a reprodución, os efectos fetais e neonatais, a alteración da barreira hematoencefálica, as evidencias de autismo, as alteracións neurolóxicas e do comportamento (memoria, aprendizaxe, comportamento, atención, trastornos do soño), a leucemia infantil e outros cancros infantís, tumores cerebrais e neuromas, cancro de mama, Alzheimer, ...

Desde 1998, **conferencias e declaracións médicas e científicas de precaución** no ámbito internacional chaman a aplicar o principio de precaución na liña do principio ALARA (tan baixo como sexa razoablemente posible), con límites e criterios máis restritivos ante unha crecente evidencia dos efectos non térmicos da exposición á radiación non ionizante en todas as frecuencias.

A clasificación (maio/2011) da **Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro (IARC) da Organización Mundial da Saúde (OMS)**, das radiofrecuencias (como as da telefonía móbil) como posibelmente canceríxeno para os humanos tipo 2B, é considerada xa desfasada na **derradeira actualización (2012) do Informe BioInitiative**



**MODELO DE MOCIÓN
MUNICIPAL URXENTE
CONTRA O PROXECTO DE LEI
XERAL DE TELECOMUNICACIÓN**



que, baseada nas derradeiras investigacións, consideran que xa debería ser cualificado como canceríxeno coñecido tipo 1, a máxima clasificación (do mesmo xeito que o tabaco e o amianto).

Desde o ámbito profesional, científico e de distintas administracións sanitarias (como a *Health Protection Agency* do Reino Unido ou o Comité Nacional da Radiación Non Ionizante da Federación Rusa) se alerta tamén da expansión dunha síndrome que cada vez afecta a máis persoas en todo o mundo: a **Electrohipersensibilidade**, intolerancia á exposición aos campos electromagnéticos non ionizantes, que o Parlamento Europeo (no punto 28 da Resolución A60089/2009) solicita aos estados membros **recoñecela como discapacidade funcional** do mesmo xeito que xa se fixo en Suecia no 2000, “co fin de garantir unha protección adecuada e igualdade de oportunidades ás persoas que a sofren”.

Ademais da clasificación OMS das radiofrecuencias como probabelmente canceríxenas en maio de 2011, destacan as declaracións da **Axencia Europea do Medio Ambiente** (desde o 2007 ata a actualidade), as do **Parlamento Europeo** (en 2008 e en 2009) e a da **Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa** (en 2011), na liña de aplicar xa medidas de precaución en base aos informes científicos anteriormente citados.

O **Informe Mundial do Cancro do 2014 da IARC (OMS)** alerta sobre a necesidade de reforzar a prevención, actuando sobre os contaminantes ambientais para evitar a previsión da duplicación de novos casos (de cancro) nas próximas dúas décadas.

Diferentes **sentenzas do Tribunal Supremo** xa recoñeceron (si non supoñen inseguridade xurídica ou facultade omnímoda) a **competencia municipal de protección sanitaria á poboación para reducir niveis de exposición aos campos electromagnéticos**, establecendo medidas adicionais de protección ás establecidas no Real Decreto 1066/2001 (fixando limiares de exposición menores e espazos protexidos no planeamento urbanístico).

O **proxecto de Lei Xeral de Telecomunicacións** (en trámite no Senado), somete directamente o despregue de redes públicas de comunicacións electrónicas ás disposicións do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, en nome da competencia exclusiva do estado, **usurpando a competencia municipal para outorgar licenzas (perdendo o estudo da avaliación ambiental) e as competencias municipais e autonómicas no campo das telecomunicacións (medio ambiente, ordenación urbana e territorial e saúde pública)**, coas seguintes consecuencias:

- **Desprotección xurídica en materia de saúde e consumo**: non aplica nin deixa aplicar o principio de precaución (recoñecido no art. 3 da Lei 33/2011 Xeneral de Saúde Pública) e deixa en mans privadas e intereses comerciais as consideracións relativas á expropiación forzosa e ás infraccións graves. **Non atende ás recomendacións de precaución da Resolución 1815 da Asemblea parlamentaria do Consello de Europa (2011), nin ás Convencións internacionais** como a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (2006), nin ao Convenio de Aarhus (1998), sobre acceso á información, participación pública en tómaa de decisións e acceso á xustiza en temas medio ambientais.



**MODELO DE MOCIÓN
MUNICIPAL URXENTE
CONTRA O PROXECTO DE LEI
XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS**



- Ante a **posibilidade da expropiación de bens privados e públicos** para a instalación de antenas de telefonía móbil prevemos unha gran conflictividade ante a cal os gobernos municipais non teremos ningunha posibilidade de intervención real, ao quedar delegados a un papel subsidiario (realización de informes non vinculantes).

- **A autonomía municipal**, garantía institucional recoñecida na Constitución Española de 1978 (artigos 137 e 140) e na Carta Europea de Autonomía Local (artigo 3.1) ratificada polo estado español en 1988, **está cuestionada por este proxecto de lei**. Dita autonomía está recoñecida na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na preservación dos intereses municipais en materia de: A) Planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. B) Medio Ambiente Urbano... e protección contra a contaminación ... J) Protección da salubridade pública. Ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sustentábel das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Ante a posibilidade da **expropiación de bens privados e públicos** para a instalación de antenas de telefonía móbil **prevemos unha gran conflictividade** ante a cal os gobernos municipais non teremos ningunha posibilidade de intervención real, ao quedar delegados a un papel subsidiario (realización de informes non vinculantes).

- **A autonomía municipal** (recoñecida na Constitución Española de 1978 -artigos 137 e 140- e na Carta Europea de Autonomía Local -artigo 3.1- ratificada polo estado español en 1988) **é unha garantía institucional cuestionada por este proxecto de lei**. Dita autonomía está recoñecida na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na preservación dos intereses municipais en materia de: A) Planificación, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. B) Medio Ambiente Urbano ... e protección contra a contaminación ... J) Protección da salubridade pública. Ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sustentábel das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Por todas estas razóns, elévase para a súa aprobación ao Pleno Municipal os seguintes acordos:

1.- O Concello de mostra o seu rexeitamento ao Proxecto de Lei Xeral de Telecomunicacións por atentarse contra a autonomía municipal e autonómica e eleva ao Goberno central a proposta de que calquera reforma que afecte ás entidades locais e autonómicas deberá contar coa participación das mesmas.

2.- Comunicar igualmente ao Goberno central a necesidade de que calquera reforma da Lei de Telecomunicacións debe ter en conta a saúde e a vida por encima dos beneficios económicos e non atender só aos intereses da industria.

3.- Instar ao goberno central a que promova un despregue das telecomunicacións seguro e saudable escoitando a todos os actores afectados pola LEI: os gobernos autonómicos e locais e especialmente á sociedade civil (asociacións e colectivos implicados) e aos científicos expertos independentes (as súas investigacións e os seus puntos de vista), atendendo ás recomendacións da Resolución 1815 da Asemblea



**MODELO DE MOCIÓN
MUNICIPAL URXENTE
CONTRA O PROXECTO DE LEI
XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS**



Parlamentaria do Consello de Europa (maio do 2011) sobre “Perigos potenciais dos campos electromagnéticos e os seus efectos sobre o medio ambiente”, así como aos Convenios internacionais relacionados (Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de 2006, e o Convenio de Aarhus de 1998, sobre o acceso á información, participación pública na toma de decisións e o acceso á xustiza en temas medio ambientais).

4.-Dar traslado deste acordo ao Goberno Central e a Xunta de Galicia, aos Grupos Políticos do Congreso de Deputados e do Parlamento galegos, á Xunta de Goberno da FEGAMP e da FEMP.

En _____ a _____ de abril de 2014

Ado.: _____

Voceira/o do Grupo Municipal de

Documentación base desta moción:

- Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública. Ver os artigos **3 d)** y **12.2**: <http://www.boe.es/boe/dias/2011/10/05/pdfs/BOE-A-2011-15623.pdf>
- **Resolución 1815 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa (APCE)** sobre Perigos potenciais dos campos electromagnéticos e dos seus efectos sobre o medio ambiente (27.05.2011): http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones_Europeas/Resolucion.A.P.Consejo.Europa.27.05.11.pdf
- **Resolución do Parlamento Europeo, de 2 de abril de 2009**, sobre as consideracións sanitarias relacionadas cos campos electromagnéticos: <http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//TEXT+TA+P6-TA-2009-0216+0+DOC+XML+V0//ES>
- Ver comunicacións da **Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA / EEA)** en apoio ao Informe Bioinitiative:
 - En 2007: “Avaliación dos riscos de radiacións dos dispositivos na vida diaria”: http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Declaraci%F3n_AEMA_apoio_Bioinitiative.pdf
 - En 2009: Conferencia “Teléfonos Móviles e Saúde, Ciencia e Cuestións de Políticas Públicas” de Jacquie McGlade, Directora de la AEMA: http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Directora_AEMA_2009.gal.pdf
 - En 2011, Comisión de medio Ambiente, Agricultura e Asuntos territoriais da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa (APCE): http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones_Europeas/P.A.C.E.06.05.11_gal.pdf
 - En 2013, "Leccións tardías de alertas temperás" Volume 2, capítulo 21: <http://www.eea.europa.eu/publications/late-lessons-2/late-lessons-chapters/late-lessons-ii-chapter-21>.
- **Informe Bioinitiative 2007/2012**: (<http://www.peccem.org/bioinitiative2012.html> e http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Informe_Bioinitiative).

Ver Resumo para o público (2012):

<http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/bioinitiative/2012/Bioinitiative.2012.Resumen.Publico.pdf> e Táboa das conclusións (2012):

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/bioinitiative/2012/section_1_table_1_Bioinitiative_2012.gal.pdf



**MODELO DE MOCIÓN
MUNICIPAL URXENTE
CONTRA O PROXECTO DE LEI
XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS**



- Monografía da *International Commission for Electromagnetic Safety –ICEMS-* del 2010 sobre os efectos non térmicos dos campos electromagnéticos: <http://www.icems.eu/papers.htm>
- Resolucións e chamamentos científicos de precaución: http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_documentos.htm#Declaracions_cientificas
- Declaración IARC 31 Maio 2011, “Clasificación dos campos electromagnéticos de Radiofrecuencia como posibelmente carcinógeno en humanos”: http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/OMS/IARC.WHO_31.05.11_gal.pdf
- Ver carta aberta de M^a Jesús Azanza ¹ / Agustín del Moral ². (Investigadores en Bioelectromagnetismo. ¹ Catedrática de Bioloxía Celular e Magnetobioloxía. ² Catedrático de Física de Materia Condensada) en Crónica de Aragón: http://www.avaate.org/IMG/pdf/AZANZA_ComentariosalaresolucionOMS.pdf .
- **Convenio de Aarhus** da Comisión Económica das Nacións Unidas para Europa (1998), sobre o acceso á información, participación pública na toma de decisións e acceso á xustiza en temas medio ambientais: <http://www.unece.org/environmental-policy/treaties/public-participation/aarhus-convention.html>
<http://www.unece.org/fileadmin/DAM/env/pp/EU%20texts/conventioninportogese.pdf>
- **Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.** 2006: <http://www.un.org/esa/socdev/enable/documents/tccconvs.pdf> .
- **Directrices do Colexio de Médicos de Austria** para o diagnóstico e tratamento do síndrome CEM. Grupo de Traballo sobre CEM, marzo 2012: http://www.covace.org/files/236_contES.pdf.
- “Os síntomas subxectivos relacionados coa radiación das Estacións Base de Telefonía GSM móbil: un estudo transversal” na Ñora (Murcia), de Claudio Gómez-Perretta (Centro de investigación do Hospital Universitario “La Fe” de Valencia), Enrique A Navarro (Departamento de Física Aplicada da Universidade de Valencia), Jaume Segura (Departamento de Ciencias Informáticas, ETSE, Universidade de Valencia), Manuel Portolés (Centro de investigación do Hospital Universitario “La Fe” de Valencia), xaneiro de 2011: http://www.avaate.org/IMG/pdf/bmj_open-2013-gomez-perretta-.pdf